

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / Saída: cando lle peta / Preço: cunca albariño caseiro / Coordina: Tinóns


<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº76/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de novembro / Estado de preparar Centolada

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



CÁMPING DE ONS
Opta ao Premio do “Mais Orixinal” de España Páx 1



Falece Gustav Hennigsen
Antropolóxico danés que recompilou e fotografou a mediados dos anos 60 a vida e costumes na Illa de Ons.
Páx. 1
Foto: <https://www.euskonews.eus>



CESÁREO
Protagonizará dunha nova serie na Illa ao estilo de Verano Azul.
Foi invitado a visitar a <Dorada> en Nerja.
Páx. 5



ONS NA MEMORIA e HOMENAXE A OMIL
Traio unha foto da praia das Dornas dos anos 80, onde Manolo Omil, daquela, director do Campo de Traballo de Ons, dirixía a manobra de subida dunha delas en Ons. Páx. 3
Foto: Rafa Vázquez. Faro de Vigo



Ons Activa Viaxe toponímica
Unha das propostas que pode ofrecer Ons, un percorrido toponímico pola Illa.
Páx. 2
Foto: Estudo toponímico do Mar de Bueu. Confraría de Pescadores de Bueu



Por non recollelas a tempo, as *boias da praia de Pragueira* soltáronse polo temporal. Páx. 4



Estas cicloxéneses acabarán co xacemento romano do cantil de Canexol por non estar protexido?. Páx. 6



- Ons activa: actividades microlóxicas en Ons. Páx. 6
- Ari para Ons. Páx. 6
- Lixo sen recoller da praia de Pragueira. Páx. 6

CÁMPING DA ILLA DE ONS *Opta ao premio de “Máis Orixinal” de España*

Cando enviaba o último Onstopus, saía unha noticia que considero interesante comentar.

Xa temos falado do campismo en Ons e de como a Illa foi un dos últimos lugares de Galicia onde se practicaba o campismo libre, pois, aínda que a administración dicía que era controlado, estaba claro de que non era así, precisamente porque non lles conviña, xa que, non controlándoo conseguirían eliminalo.

Ao final a administración saíu coa súa e en Ons montouse un Cámping. Pois ben o día 14 de outubro podíamos ler que, segundo parece, a Federación Española de Cámping organiza cada ano unha Gala de Cámpings de España para recoñecer os mellores. Este ano hai tres galegos seleccionados que optan a premios.

Hai varias categorías e o Cámping de Ons opta á categoría de **<Máis Orixinal>**. A organización destácao con estas palabras: *“Este camping es el primero Autosostenible de Galicia y el primero que incluyó en sus instalaciones una zona de “glamping”, una nueva experiencia de acampada que ofrece la posibilidad de disfrutar de este alojamiento con mayor comodidad.*


El camping de la Illa de Ons cuenta con espacio de acampada donde colocar las propias tiendas, y también con esta zona de “glamping”, donde dispone de modernas tiendas de lona situadas sobre una plataforma de madera, algunas de ellas con porche y cocina. El espacio cuenta además con lavandería, cafetería y una tienda de ultramarinos”.

Competirá, nesta Categoría co **<Garrofer>** de Barcelona e co **<Etxarri>** de Navarra.

Parabéns para a xerente e empregados que, a pesar das grandes dificultades que lles poñen dende a administración para ser creativos e ofrecer un excelente servizo sempre coidando o medio pois está radicado nun Parque Nacional, logra acadar premios pola súa sustentabilidade.

Quero destacar entre os magníficos empregados do cámping, ao encargado de mantemento, Alfredo, un excelente profesional que se desvela para que todo funcione como é debido.

Fotos: Cámping Ons



Nas fotos podemos observar ao Sr. Domingos (Cachote) o carpinteiro de ribeira que casou en Ons e que era o que arraxaba e reconstruía as dornas aunienses.

Hoxe, 19 de outubro de 2023, veño de coñecer a nova da morte de Gustav Henningsen, antropólogo danés que estivo en Galicia a mediados dos anos 60 s.XX facendo unha moi interesante recompilación de historias e fotografías sobre a cultura popular galega, en especial, sobre a meiguería, da que din era un dos mellores expertos mundiais.

Recordo que lera nun artigo de hemeroteca, nas miñas pescudas sobre Ons, o seu nome relacionado cunhas historias sobre a Illa, pero non o dera localizado e quedou ese nome, para min, no esquecemento ata que no 2022 despois de ler o libro de José Manuel Dopazo Entenza *“Até aquí podó contar. A lingua da Illa de Ons”* descubro nas súas últimas páxinas dedicadas á Documentación Fotográfica, na que eu participaba con algunha foto, as realizadas por Gustav Henningsen.

Preguntei sobre el a Dopazo e informoume sobre este antropólogo, a súa estada na Illa e sobre a súa documentación que se atopa depositada no Museo do Pobo Galego e no ILG que custodian o seu legado.

Pois ben, este é o momento de dedicarlle unha Homenaxe a este investigador que, xunto á súa dona Marisa Rey, deixáronnos un legado importantísimo de gran parte de Galicia, incluíndo, con fotografías e gravacións, a rica cultura popular auniense.

Sería importantísimo que por especialistas se encargaran de traballar as gravacións que sobre a cultura auniense deixou Henningsen. Que se investigue sobre as súas fotografías xa que estamos nun intre no que aínda a veciñanza auniense de máis de 60 anos pode coñecer e describir as fotografías que realizou a mediados dos 60 s.XX. E programar para o verán en Ons, xunto co Museo do Pobo Galego, unha exposición das fotografías máis destacables da súa doazón.

É por iso que emprazo aos responsables do Parque Nacional a unha reunión co Museo do Pobo Galego para preparar unha **Exposición Fotográfica no Centro de Visitantes de Ons** sobre o legado fotográfico do matrimonio **Rey-Henningsen** referido á Illa de Ons.

Fotos: Pertencen ao arquivo **“Fondo Fotográfico Rey-Henningsen. Arquivo Gráfico do Museo do Pobo Galego”**.

Estas fotos, ao igual que todas as demais do Fondo Rey-Henningsen, son importantísimas para coñecer mellor a Cultura Popular da Illa de Ons.


OS TOPÓNIMOS DE ONS

OS TOPÓNIMOS DA ILLA

Como non me cansarei de dicir, Ons ten unha Cultura Popular única e por desgraza sen estudar. Hai que recoñecer que nos últimos anos e despois de moito insistir, hai persoas (poucas) que están a traballar sobre a súa etnografía, pero a administración aínda non se deu conta que hai que axudar a eses investigadores para que poidan desenvolver o seu traballo.

Un punto importantísimo dentro do mundo etnográfico auniense, son os seus topónimos e alcuños. Temos que recoñecer que, sobre a toponimia, fixéronse varios traballos e que, ultimamente, persoal de Parques está moi interesado no seu estudo.

Aínda que xa levaba anos recompilando topónimos, Tinón, realizou un traballo bastante interesante sobre a toponimia de costa (inédito) no ano 2000. Posteriormente Fernando Cabeza Quiles, na revista AUNIOS, colaborou cun bo número de artigos sobre a toponimia e hidronimia de Ons, dende o nº 11 (2006) ata o nº 23 (2018). A confraría de pescadores de Bueu, realizou un proxecto de nome BueuINforma de divulgación da cultura mariñeira e xunto co proxecto de toponimia de Galicia do SITGA, recompilaron un bo número dos topónimos da costa de Bueu, loxicamente, incluída a Illa de Ons, que publicaron nun libro: “Toponimia mariñeira do mar de Bueu. Buraco do Inferno” no ano 2011. E dende a Xunta de Galicia tamén se está traballando sobre a toponimia galega, incluíndo tamén a Illa de Ons, cun primeiro proxecto coñecido como PTG e que agora chámase Galicia Nomeada.



TOPONIMÍZATE

A Real Academia Galega inicia outra singradura de toponimízate. É unha campaña para recoller topónimos pola xeografía galega co fin de divulgar e promocionar este interesante mundo da nosa cultura, os topónimos.

Seica van percorrer varios municipios galegos co fin de recoller topónimos e microtopónimos das zonas onde van a impartir charlas de divulgación.

Victor Freixanes di: “Estamos a facer un gran esforzo pola recuperación, a defensa e a posta en valor dun dos patrimonios máis importantes do país, a Toponimia.”

IDEAS. ACTIVIDADES. TÉCNICO CULTURAL

Ata agora, agás pequenas excepcións, o traballo realizado consistiu na busca dos topónimos e no mellor dos casos, situalos no seu lugar nun mapa. Dende logo importante, por algo hai que comezar, pero, como é o caso de Ons que xa hai un bo número deles nomeados, agora o transcendental é que, por parte de especialistas e investigadores, se faga un traballo de campo cos veciños e lingüístico, para saber a orixe e o por que de cada topónimo.

Fernando Cabeza Quiles comezouno, aínda que, por motivos que descoñezo, parou o seu estudo. Sei que hai lingüistas interesados en realizar esa investigación, pero como todo, require tempo e cartos, e aí é onde a administración debería de actuar.

Noutro punto están as actividades sobre esta temática. Sei que hai moitas persoas interesadas no mundo da toponimia e tamén sei que hai guías do Parque tamén moi experimentados no seu coñecemento e estudo, por iso unha fantástica actividade sería o programar unha *Visita Toponímica a Ons* onde os guías, a carón das explicacións habituais sobre as características aunienses, a toponimia podería ser un punto importantísimo como aliciente para que a visita teña un elo máis de interese.

Pero para a programación de todas estas actividades fai falla un Técnico Cultural, persoa disposta a organizar, buscar o persoal especialista adecuado para cada actividade, contactar con organismos, asociacións, sociedades, centros,..., e despois, xunto cos guías e a dirección do Parque coordinar as actividades a levar a cabo.

Ata o de agora todo recae na Dirección do Parque e polo que podemos observar, hai unha repetición anual de actividades ou están á espera de subvencións nacionais, europeas ou de que persoas alleas traian ou presenten tarefas a realizar. Hai por Parques pouca iniciativa, por iso habería que diversificar o traballo, tendo un Técnico Cultural que se encargue da programación e busca de novas iniciativas con respecto a actividades a realizar e de relacionarse e contactar con quen corresponda para unha mellor organización.



ONS NA MEMORIA e HOMENAXE A MANUEL OMIL

Aproveito esta fotografía do meu arquivo sobre Ons de principios dos anos 80 s.XX, para este apartado de Ons na Memoria e homenaxear a Manolo Omil pola súa xubilación.

Na foto vemos a chegada dunha dorna á “Praia das Dornas” en Ons. Era a de Manolo Reiriz, cariñosamente O Terco, que xunto co seu xenro, tamén Manolo, viñan da pesca do polbo coas artes da raña e o espello. Como noutras épocas e aínda que, como se pode observar, había un bo número de dornas varadas, non había aunienses que axudaran a subir a dorna ao seu leito de área, de aí que os que estábamos nese intre pola praia, axudáramos a subila.

Para subir a dorna, a proa poñíase mirando ao mar, para logo ser máis doado baixala. Na popa poñíase o mariñeiro máis forte, pois era o encargado de elevala para que non afundira na área, e a ambos lados os demais mariñeiros ou persoas que axudaran á manobra.

Aquí podemos observar, a Manuel na popa, á súa dereita a Ángel Limeres, a súa esquerda ao seu xenro Manolo e case na proa a Tinón.

Pero, dáse a casualidade que, como dirixindo a manobra, vemos a **Manolo Omil**, que naquel ano estaba de Director do Campo de Traballo na Illa. Era natural de Pontevedra, como Ángel e máis eu, e coñeciámonos.

Na Illa desenvolveu un bo traballo medioambiental cos mozos do Campo e temos unha pequena anécdota que supoño recordará: Estando na casa de Juanjo Labaca, que fora moitos anos administrador dos Campamentos e Campos de Traballo en Ons, nun momento da conversa, ocorréuselle a Juanjo preguntarme se atoparían a avestruz que se perdera no cantil. Eu, mirei para Juanjo e dinme conta da chacota, e seguílle o conto. Omil escoitaba abraiado. Levaba xa uns días na Illa e non escoitara nada da presenza de avestruces en Ons, polo que se interesou polo tema. A partir dese momento, a inventiva de Juanjo, Maquieira máis eu foi a máis, ante a cara de asustado que poñía Manolo Omil. Aínda tardou un bo anaco en decatarse da broma e iso que cada vez as aventuras desas avestruces ían a maiores.

Recordo que Omil quedou tan avergonzado da facilidade co que o enganáramos, que tardou uns días en pasar pola casa de Juanjo a tomar un refrixerio como habitualmente faciamos polas tardes.

Pois ben, uns anos despois Manolo Omil ingresou na Policía Local de Pontevedra e, como gran profesional, dedicou a súa valía a este corpo durante 34 anos de servizo, ocupando a sección de Portavoz de la Policía Local durante os últimos 19 anos.

Vén de xubilarse a finais deste mes de outubro. Parabéns para Manolo Omil.

Unha grandísima aperta, compañeiro!!!!



BOIAS AO GARETE NA PRAIA PRAGUEIRA

Onde está a mala xestión, no concello de Sanxenxo ou na empresa adxudicataria de poñer as boias?

É de supoñer que concello e empresa terán un protocolo de actuación, polo cal, haberá unha data para poñelas (que son moi necesarias nas praias) e

outro para quitalas. No que respecta á data de inicio, dependerá do convenio asinado e da climatoloxía. Para quitalas, tamén haberá un prazo pactado, que eu penso que podería ser a partires do comezo do curso, é dicir, entre o 11 e o 15 de setembro momento en que a afluencia ás praias baixa en máis dun 70% e descende moito o achegamento de barcos de recreo.

A partir dese intre estas boias perden utilidade e, sen embargo, si van a estar a mercé do estado do mar. Así vemos que todos os anos, na praia de Pragueira, por algún motivo especial (mala ancoraxe, rochas, correntes,...) estas boias sofren moito máis os temporais e as marusías que na súa veciña Major. A partir de setembro vemos, cando o estado do mar se enarbora, como se desprenden das súas ancoraxes e van dar á praia, no mellor dos casos, ou se esnaquizan nas rochas dos seus cantís. Normalmente a empresa pérdelas, quen paga iso? O concello de Sanxenxo? Pois non creo que a empresa concesionaria teña unha xestión tan deficitaria, xa que haberá para o próximo ano, que mercar outras novas.


Nas fotos, vemos como as boias grandes e as pequenas, que sinalan o lugar de entrada, da praia de Pragueira desapareceron ou están na praia varadas sen embargo na de Major resisten.

Un auténtico desbaratamento por falla de previsión e non acordar o intre de quitalas a tempo.

Moitas das persoas que pasean polas praias de Pragueira e Major, teñen a ben recoller moito do lixo que o temporal deixa. No lugar onde as depositaron para a súa retirada, levan case tres semanas. (27/10/2023)

Praias de Pragueira e Major. Atalaias sobre o océano e as illas de Ons e Cíes.

Onde está o Concello de Sanxenxo?





CESÁREO, o noso Gran Capitán

Non, non é unha montaxe, é o noso querido auniense Cesáreo, que viaxou ata Nerja (Malaga) e visitou a maqueta do barco de Chanquete.

Cesáreo é o mariñeiro máis mediático das Rías Baixas pois, a carón de participar na película <Ons> de Zarauza, non hai programa televisivo, nin entrevista, ni documental,..., sobre Ons, na que el non sexa o protagonista principal.

Tal é así que un director de cine de fama mundial, mirou nel ao mariñeiro adecuado para levar á pantalla unha versión galega do “Vello e o mar”, pero cando llo propuxeron e díxéronlle o título, dixo: “Vello eu!!!, Vello eu!!!, ao meus 81 anos saio na dorna a pescar, chouto polos penedos, traballo as terras, participo nas carreiras de moto GP pola Illa,..., e facer de vello!!! Anda, ide por onde viñestes!!!”.

E así foi que non protagonizou esa película pero, sen embargo, ultimamente andan os da TVGha na súa procura para a realización dunha serie, ao estilo de Verano Azul, en Galicia. Despois de percorrer toda a costa peninsular, foron dar en Ons co personaxe adecuado, Cesáreo, e aí o temos invitado a coñecer o barco de Chanquete.

Seica vai ser unha produción totalmente galega e que se gravará na súa totalidade na Illa de Ons. Están xa a levar todos os trámites necesarios. A TVGha xa contactou co seu asesor de imaxe, Maqui, e co seu representante económico, Tabo. Ata, para convencelo, díxéronlle que o seu bisneto sería outro dos principais protagonista infantís.

O único que cambiará será o título da serie, no que respecta á cor, pois como o concello de Bueu non quere saber nada para Ons de Bandeira, Sendeiro ou Centro AZUL, e querendo tamén animar ao equipo de fútbol galego que milita na primeira división, o título da serie será:

<Verán, Asul Selta>, si, con seseo, como a fala da Illa.

Xa está elixida tamén a música. Esta será a dedicada á Illa de Ons que cantaron os “Vou nun Bou” hai un par de anos durante o Entroido bueués, aínda que houbo algún comentario en contra porque non sacaron ningunha copla de Ons este pasado Entroido.

Ben, todo está organizado. Xa vai vento en popa, agás que, se lle dean por prohibilo. *Foto: Cedida por Victor Lores*



ARTURO, ALOLOOOOOOCO!!!!

Si, é o noso auniense Arturo, fillo de María do Caño (Unha das mellores pandeireteiras e copleiras de Ons), que presentouse ao casting da peli “Verán, Asul Selta” pero, ao non atopar para el perrucas adecuadas ao papel a desempeñar, quedou de segundo.

Collérono para o labor de 1º de máquinas do Novo Dorada.

Sobre o Dorada1ª da película de Chanquete, din que se construíu por pezas para a rodaxe nos talleres de Prado del Rey. Non era un barco, era un decorado que se instalou en Nerja e, ao rematar a serie en 1980, desmontouse.

Foto: Arturo Goberna López



BARRIO DE CANEXOL

Na foto da esquerda, como se atopaba a cheminea da casa nº 81, e na foto da dereita, o mar chegando ao cantil onde se atopan as cubas de salga do xacemento romano na semana santa do 2013. A cheminea, segundo nos contaron, con estes temporais de outubro caeu. Esperemos que non fixera moita desfeita na casa. Sobre o xacemento da praia, levamos dende 2009 pedindo ao Parque que busque solución a este tema, pois de non facelo, perderase parte da historia de Ons e ata pode, que o camiño superior de Curro a Pereiró, sufra un grave problema. Cando isto escribo (28/10/2023) e despois de case un mes de temporais e fortes marusías, como se atopará ese cantil?

ONS ACTIVA. Actividades micolóxicas

Aínda que xa para este número toquei a **actividade TOPONÍMICA**, debido a que hoxe (31/10/2023) saíu anunciado no Faro de Vigo as charlas sobre micoloxía que a asociación Liboreiro dará en Bueu, e que unha tratará sobre “A biodiversidade micolóxica da Illa de Ons”, é polo que aproveito para volver a propoñer aos xerentes do Parque Nacional, excursións de tipo micolóxico a Ons.

Xa o expoñía neste minixornal noutros números:
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/40/onstopus-40.pdf>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/44/onstopus-44.pdf>
<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/56/onstopus-56.pdf>

Pero parece que non interesa ao Sr. Director. Se houbera un Técnico Cultural, case seguro xa teríamos programadas esas excursións dende hai dous anos.

A afección ao mundo dos cogomelos en Galicia, e sobre todo en Pontevedra pola acción do Centro Forestal de Lourizán capitaneado naqueles tempos dos 70-80 s.XX por D. Antonio Odriozola e seguido posteriormente por F. Ana Magán, Antonio Regueiro, Luís Freire, Marisa Castro,..., e a Asociación Micolóxica de Pontevedra, á que eu pertencín durante máis dunha década, deixaron unha pegada importante e conseguiron que o mundo da micoloxía ascendera dun xeito vertixinoso no seu coñecemento, estudo e investigación.

Pois ben, aínda que hoxe hai unha grande afección, sobre todo á gastronomía micolóxica, tamén, e neste caso falando de actividades nun Parque Nacional cunha grande protección, a **actividade micolóxica** se pode centrar no coñecemento e estudo dos cogomelos da Illa, a súa busca, descrición,..., posterior estudo e, sobre todo, protección.

Ver o mundo da micoloxía en Ons dende unha perspectiva de recoñecemento e estudo, sería importantísimo.



III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

EXTRACTO da Resolución do 23 de outubro de 2023 pola que se regula o procedemento para participar no programa de axudas ás actuacións de rehabilitación e renovación nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e da Ribeira Sacra, se establecen as bases reguladoras das subvencións correspondentes ás citadas áreas de rehabilitación integral e se procede á súa convocatoria para o ano 2023. (código de procedemento VI408Q). BDNS (Identif.): 723375.

Outra nova axuda para que os veciños de Ons poidan rehabilitar as súas vivendas e, en especial, para buscar un xeito de autosuficiencia enerxética para elas.

Como sempre o Concello de Bueu está desaparecido (Grupo de Goberno e Oposición) xa que, enterados destas axudas, poderían convocar unha reunión coa Asociación Veciñal para informar e ver quen pode ou quere optar a elas. Logo buscar o xeito de prestar a súa axuda para a solicitude.

Tamén están desaparecidos os responsables do Parque, pois eles, que segundo parece teñen todas as competencias, ou as asumen, tamén poderían convocar aos veciños e informar.

Nestas actuacións é onde se ve a necesidade dun Técnico Cultural no Parque que sería o encargado de poñerse en contacto cos veciños, estudar posibilidades,..., e axudar nas solicitudes e que non sexa sempre o Director do Parque o encargado, pois se lle acumula moito o traballo e non da feito.

Tamén sería importante buscar o xeito de que se rehabilitaran todas as casas e casetas aunienses, para non perder a Arquitectura Popular Mariñeira que tivo.



OUTRO CONTO DE TABERNA



AUNIENSES NA TERRA DE TUTANKAMÓN, KEOPS, KEFRÉN E MICERINO

Xa o ano pasado un grupo de aunienses, comandados por Josecho (párroco de Bueu e Beluso), fixeron unha excursión ao Vaticano, con visita ao Papa, ao que lle entregaron unha réplica do Faro de Ons de Sargadelos, co fin de que intercedera ante o Altísimo para conseguir que o Faro da Illa non se converta nun complexo hostaleiro e si nun Museo dos Faros, dos Fareiros e dos Naufraxios da zona.

Nesa viaxe atopáronse cuns descendentes dos romanos que viviron en Ons alá polos anos 330 d.C e que tiveron a ben pasarlle un pergamiño, coas *marcas* ben definidas, de onde se atopaban os tesouros que os seus antigos deixaran no Castro dos Mouros nunha illa, afastada, da Gallaecia.

Ao chegar, entregaron ese documento aos arqueólogos que andaban pola Illa e foi así como descubriron parte do tesouro, unhas moedas seica do ano 337 d.C., que esperamos velas pronto no Centro de Visitantes de Ons.

Pois ben, este ano os aunienses decidiron achegarse ata as terras dos faraóns e, capitaneados por “**INDIANA**, Manolito, **D’ONS**”, foron á procura dunha **ARCA** que seica leva un mundo de anos **PERDIDA** e que tamén agocha unha chea de tesouros.

Para esta nova viaxe, estiveron adestrándose en Sanxenxo, onde Josecho, despois de falar co alcalde, conseguiu lles deixara instruírse na clausurada discoteca **PIRÁMIDE**, que se atopa nestes intres *deserta*, pero que ten, polo menos, un nome idóneo para o lugar onde van a desenvolverse.

Mentres estes aunienses andaban á procura do cofre, que tal como están as cousas ultimamente por esas latitudes, mellor lles sería ir a Madrid, falar con Karina e traer o seu baúl, outros aunienses, dirixidos por **Pepe de Miro**, afanábanse na Illa, loitando contra as cicloxéneses “Aline” e “Bernard” que instigaban polo sur e “Celine” e “Ciarán” que empurraban polo norte, para que a Illa seguira no seu sitio, pois con tanta borrasca acirrando, xa se movera máis dun metro cara ao continente.

Aproveitando esa circunstancia, TelmOms Martíns, cunha lexión de enxeñeiros, atopábanse na costa Noallesa, co fin de que, cando a Illa estivera a tiro e despois de comprobar que o concello de Bueu non se preocupa por Ons, instalar unha ponte dende Punta Faxilda (en Noalla-Sanxenxo) ata o Centulo-Melide (na Illa de Ons), seguindo a senda que emprega a Santa Compañía para achegarse á Illa, para despois, contactando co Presidente da Xunta (que din ten unha especie de chalé en Ons coñecido como <Castelo de Rueda e que o seu curmán, dende o Padroado, encárgase do mantemento), para incorporar ao seu municipio a Illa de Ons, como xa pasara polos anos 40 s.XIX.

Ben, así están as cousas. Sabemos que os aunienses chegaron de terras exipcias. A ver que contan. De todos os xeitos, neste conto, todo parecido coa realidade, en lugares e nomes, é pura coincidencia.